

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Aprobación inicial do «Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa».

Expediente: 2024/U035/000001

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 19 de maio de 2025, acordou aprobar inicialmente o «Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa», segundo a documentación técnica asinada o 14 de maio de 2025 polo arquitecto xefe do Servizo de Urbanismo e Obras deste Concello, Alfredo Garrote Pazos.

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 75.1.a) da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* e 186.1.a) do *regulamento da dita lei*, co fin de que as persoas que se consideren afectadas polo PEID poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

A totalidade do documento técnico e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na oficina técnica municipal das 10.00 h ás 13.00 h e nesta páxina web.

Carballo, 3 de xuño de 2025 (asinado dixitalmente á marxe)

O alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez